



DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

## Convocatoria de cursos preparatorios das probas Celga 2018



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca novos **CURSOS PREPARATORIOS PARA AS PROBAS DE ACREDITACIÓN da certificación de lingua galega (Celga 1, 2, 3 e 4)**, baixo as modalidades presencial e teleformación.

**REQUISITOS:** Ter alomenos 16 anos cumpridos no 2018 e para os cursos en liña dispoñer de equipamento técnico.

**PRAZO DE INSCRIPCIÓN:** Ata o 26 de febreiro de 2018.

**PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE:** No caso dos cursos de teleformación a inscrición debe facerse exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo web <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED104B>, no que tamén estarán a disposición da cidadanía os formularios de solicitude dos cursos presenciais.

**DURACIÓN E CUSTO:** Son gratuítos e teñen unha duración de 70 horas.

### CURSOS

Cursos na modalidade presencial (niveis Celga 2, 3 e 4)  
Cursos na modalidade de teleformación (niveis Celga 1 e 4).

### CONVOCADOS:

**LOCALIDADES DOS CURSOS PRESENCIAIS:** As localidades de realización destes últimos, susceptibles de modificacións en función da demanda efectiva, serán A Coruña, A Estrada, Betanzos, Carballo, Culleredo, Ferrol, Lugo, Marín, O Carballiño, Ourense, Pontearreas, Pontevedra, Redondela, Ribadeo, Santiago de Compostela, Sarria, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

**DATAS DOS CURSOS:** As datas de desenvolvemento serán, simultaneamente, do 3 de abril ao 23/24 de maio.

### MÁIS

**RESOLUCIÓN** do 25 de xaneiro de 2018  
[Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)

### INFORMACIÓN:

